

A PEREGRINAXE XACOBEO ATA FISTERRA

Fernando Alonso Romero
Universidade de Santiago

Caminar por las bellas rutas del Occidente
por las que andan los protegidos en la
morada del Gran Dios.

(Inscripción da mastaba de Akhetep, 2400 a. de C. Museo do Louvre).

Vicente Risco di que na tradición popular galega o *Camiño de Sant-Iago exprícase como sendo, non os dos pelegrinos, ós que marcaría, asegún a versión corrente fora de Galiza, a dirección na que se atopa o sepulcro santo, sinón o camiño celeste por onde baixou Sant-Iago pra batallar cos mouros, pois a liberación de Galiza dos mouros, que foron os seus primitivos habitantes, tense coma fazaña do Apóstolo* (Risco, V., 1979, I, 281). Nesta crenza vemos que Santiago Apóstolo se guiou pola Vía Láctea para baixar ata Galicia, na que vivían uns pagáns, *os mouros*, nome co que aínda se refiren os paisanos galegos ós míticos habitantes dos castros e doutros xacementos arqueolóxicos. Pero, ó contrario, en Cinfães (Portugal) críase que a Vía Láctea era a *Estrada de Santiago porque foi por ela por onde subiu Santiago ao Ceo* (Leite de Vasconcelos, 1980, 287). O que quere dicir que na mentalidade popular a Vía Láctea marcaba un espacio sideral de entrada ó Paraíso e, ó mesmo tempo, unha fronteira entre este e a terra. Daquela faise evidente a pervivencia de antigas crenzas astrais relacionadas co máis alá e das que tamén queda un himno xacobeo do século XII, que cita López Ferreiro na súa monumental obra (1899, I, 208). Nel relátase a historia tradicional da chegada do corpo de Santiago Apóstolo ó porto de Iria, despois de realizar unha milagreira navegación de sete días. E a continuación descríbese o seguinte fenómeno:

es miranda! pro tanta gloria
Centrum solis per celi spatia
Corpus sanctum levat ab hyria
(Exi)n ubi nunc est ecclesia.

*(¡Cosa maravillosa! a causa de tanta gloria,
el centro del sol por los espacios del cielo
levanta su cuerpo santo desde Iria (Padrón)
donde ahora está la iglesia)¹.*

¹ Débolle esta traducción á amabilidade dos profesores R. Baltar Beloso e Sergio Álvarez, da Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago.

Neste curioso relato sobre a milagreira ascensión ó Ceo do corpo do Apóstolo gracias ó poder do sol, consérvase unha crenza que procede dos tempos en que os cultos orientais arraigaran no *Conventus Lucensis*; o que salienta a tese de Cumont sobre a grande aceptación que tiveron estes cultos no rural e os vínculos coa apoteose dos emperadores (Cumont, F., 1959, 164). Como di Cumont, *la astrología, que sempre fue combatida por la Iglesia, había, sin embargo, preparado a los espíritus para acoger los dogmas que ésta iba a proclamar* (Cumont, 1987, 118). Por iso atopamos probas de que na época de Prisciliano (século IV) algunhas das crenzas dos cristiáns aínda se fundamentaban na concepción pagá do paraíso astral. O poeta cristián Prudencio, coetáneo de Prisciliano, expuxo nun dos himnos a crenza de que Deus lles ensinaba ós mortais o camiño da resurrección para que ó morrer, o corpo é a alma ascendesen ás estrelas:

Hanc tu, deus optime, mortem
famulis abolere paratus
iter inuiolabile monstras,
quo perdita membra resurgant,

ut, dum generosa caducis
ceo carcere clausa ligantur,
pars illa potentior extet
quae germen ab aethere traxit.

Si terra forte voluntas
luteum sapit et gaue captat,
animus quoque pondere victus
sequitur sua membra deorsum.

At, si generis memor ignis
contagia pigra recuset,
uehit hospita viscera secum
pariterque reportat ad astra.

*(Dispuesto Tú, Señor muy bueno,
a destruir la muerte de tus siervos,
enseñas la infalible ruta justa,
que los extintos cuerpos resucita,
a fin de que mientras lo mortal amarra
el alma como en cárcel encerrada,
aquella parte más noble predomine
que en la esfera del fuego tuvo origen.
Si la querencia terrenal acaso
del fango gusta y la materia abraza,*

*también el alma, vencida de tal peso,
la carne sigue y sometida baja.
Mas si del fuego de su origen memoriosa
rehúsa los contagios que emperecen,
consigo eleva a los miembros huéspedes
y juntamente a las estrellas los reporta)*

(*Cathemerinon Hymnus* 10. Ortega, A. –traductor– 1981, 62).

O culto ós astros no noroeste da Península Ibérica procede dunha época moi remota, e sobre a importancia que debeu ter quedannos diversos testemuños no folclore galego relacionado co camiño xacobeo. A orixe consiste na relación da alma co paraíso astral, no que probablemente tamén crían os nosos devanceiros, os indoeuropeos. Numerosos testemuños arqueolóxicos incítannos a pensar así. Na cerámica ibérica e nas estelas aparecen motivos decorativos claramente astrais, como trísceles, esvásticas, rosetas, soles alados, etc. Motivos que tamén atopamos na iconografía do ámbito romano-céltico da Galia e das Illas Británicas (Sopeña, G., 1987). Todo isto salienta o feito de que *as creencias romanas relacionadas con los astros lo que hicieron fue vivificar el sustrato ideológico subyacente del mundo prerromano. Los motivos astrales, de profundo arraigo en las creencias indoeuropeas, aparecen también en el área geográfica del País Vasco atlántico donde los indicios de procedencia transpirenaica, dentro de su pobreza, son más numerosos* (Esteban Delgado, M., 1990, 210). Pero foi a partir da chegada dos romanos cando colleu un grande auxe. A maioría das estelas galaico-romanas con motivos astrais pertencen ós séculos I e II. No museo da catedral de Santiago de Compostela está depositada unha ara que apareceu nos arrabaldes da cidade, aínda que non se coñece o lugar exacto do que procede, e nela aparece a seguinte inscrición:

Deo/Invicto/Soli M (*ithrae*)

Evidentemente está dedicada ó deus Mitra (Novo Güisán, J. M., 1992, 348). Este non é o único testemuño sobre a difusión dos cultos orientais no Convento Xurídico Lucense. En Lugo apareceu no século XVII unha inscrición dedicada a la *diosa Tanit cartaginesa en su versión romana de Dea Caelestis*. E no 1973 na muralla desta cidade descubriuse outra lápida na que aparece outra vez o nome de *Dea Caelestis* co cualificativo de africana –*Africae Caelestis*– o que tamén indica a procedencia cartaxinesa. En Caldas de Reis apareceu a seguinte inscrición:

Cau(to) (Pa)ti (A)nto(ninus)

Ctopates é un dos *Dadóphoros* no culto mitraico (García y Bellido, 1948, 300. Novo Güisán, op. cit., 348). A todo isto debemos engadi-la figuríña dun touro de bronce

que apareceu en Iria Flavia (Padrón) e que Antonio Blanco relacionou co boi Apis, o que é unha mostra da *presencia en Galicia de personas adictas a uno de los cultos orientales más difundidos por el Imperio Romano* (Blanco Freijeiro, A., 1984, 266), e pon de relevo o feito de que Lugo, conxuntamente con Astorga, cidade na que tamén apareceron varios testemuños do culto a divindades misteriosas, foran as dúas capitais administrativas do noroeste que máis probas forneceron ata a data sobre os cultos orientais (Novo Güisán, 1992, 349).

Cumont di que os caldeos foron os primeiros que indicaron a importancia que tiña o sol no sistema cósmico. As súas crenzas difundíronse entre os romanos nos séculos II e I a. de C. Baixo o Imperio, á vez que triunfaban os Baais semíticos e Mitra, a astroloxía estendía o seu poder por tódalas partes (1987, 144). A esta difusión contribuíron moito os pitagóricos, coas crenzas relacionadas co poder do Sol sobre os seres humanos. Segundo eles, cando a alma abandonaba a súa prisión corporal, o Sol atraíaa contra si, *del mismo modo que su calor ardiente era la causa de que los vapores y las nubes ascendieran desde la tierra y los mares, así también retornaba hacia él la esencia invisible que animaba el cuerpo. El Sol producía sobre la tierra tanto una atracción física como psíquica. La razón humana volvía a ascender a su fuente original para retornar a su morada divina. Los rayos del sol eran el medio de transporte de las almas cuando ascendían a las regiones superiores.* (Cumont, F., 1959, 101). *El Sol* –dicía o emperador Xuliano (século IV d. C.)–, *gracias a la esencia pura, invisible, inmaterial y divina que habita en sus rayos, atrae y eleva las almas santificadas* (Xul., Or., V., 172. Cumont. F., 1959, 161). Tamén se cría que os mortos, e en particular os emperadores, ían ó ceo no carro do Sol, e impúxose o culto ó Sol invencible, o dono do mundo, o creador e salvador do home (Ibidem, p. 102). Como testemuño da aceptación que deberon ter no Imperio Romano estas antigas crenzas, existen ademais dos textos clásicos numerosas inscricións e representacións de motivos astrais en sartegos. Con respecto a Galicia son moi frecuentes estes motivos nas estelas galaico-romanas, nas que aparece a lúa en crecente, ás veces asociada con arcos, círculos e símbolos astrais. *Pódese decir que estas estelas son as lápidas sepulcrais preferidas pola poboación galaico-romana* (Pereira Menaut, 1991, 224) (Figs. I, 2 e 3). Entre elas destacámo-las atopadas en Iria, Padrón e Negreira por seren localidades relacionadas co camiño Xacobeo ata Fisterra, así como tamén a ara votiva que o doutor Esmoriz descubriu preto desa vila e que está dedicada á deusa Cibeles (Ibidem, 51, 59, 61, 63, 185). Outro dos motivos astrais que aparece frecuentemente nas lápidas é a rosácea. *A partir da romanización, entre os séculos I-IV será cando a figura da rosácea ocupe mellor espacio na simboloxía e na ornamentación. Ao traveso do estudo de pezas do período galaico-romano poderemos reafirmar o seu carácter profiláctico e a súa ambivalencia en relación co Cosmos, co mundo astral, no que a dialéctica sol-lúa poráse de relevo. As estelas funerarias distes períodos son ben representativas: os complellos do País Vasco, Santander, Asturias, León, Burgos,*

Zamora, Extremadura, Portugal Norte, e incluso no sul da Península, xunto ca Galiza darán un material importantísimo pra achegarnos ao coñecemento da simboloxía e dos movementos sociais e religiosos que a condicionaron (Senén, F., 1981, 93).

Un dos testemuños clásicos máis interesantes sobre a ascese da alma ás estrelas débemosllo a Macrobio, que recolleu na súa obra, *Comentario al sueño de Escipión* (I, 11, 5 e ss.), as crenzas dos pitagóricos sobre o destino final da alma: *Para unos las almas viven más allá de la luna, donde comienza el inmutable reino de la eternidad; para otros, en la esfera de las estrellas fijas es donde se sitúan los Campos Elíseos.* É dicir, a Vía Láctea, como sinala Cumont (1987, 180). Pero Macrobio tamén di que a Vía Láctea *abarca de tal modo el Zodíaco en ruta oblícuca en los cielos que lo intersecta en dos puntos, Cáncer y Capricornio, que dan su nombre a los dos trópicos. Los físicos llaman a estos dos Signos las puertas del Sol, porque en una y otra los puntos solsticiales limitan el curso de este astro, que vuelve sobre sus pasos de la Eclíptica y no los sobrepasa jamás. Por estas puertas se dice que las almas descienden del Cielo a la Tierra y remontan de la Tierra al Cielo. Se denomina a una puerta de los hombres, y a la otra puerta de los dioses. Es precisamente Cáncer por la que penetran las almas que siguen el camino hacia la Tierra, y es por Capricornio o puerta de los dioses por la que remontan las almas hacia el lugar que les es propio de la inmortalidad, y que las lleva a colocarse entre el número de los dioses (...). Es por ello por lo que Pitágoras piensa que la Vía Láctea desciende hacia el Imperio de Plutón* (Macrobio, op. cit. Santos Santos, D., 1978, 2, 729). É dicir, a Vía Láctea marcaba o camiño que conducía ó máis alá, ó outro mundo dos mortos, por iso no século I os romanos tamén crían que a Vía Láctea era o camiño que conducía ó palacio de Xúpiter, como relata Ovidio na súa *Metamorfose* (I, 169).

No folclore galego aínda está viva a vinculación da Vía Láctea co Paraíso ou co Ceo, e nesa xénese deberon influí-las crenzas pitagóricas, ademais do feito de ser Galicia, pola situación xeográfica, o punto da Terra máis occidental, para o que se podía camiñar polas calzadas romanas seguindo o percorrido do sol durante o día e a dirección da Vía Láctea pola noite. En Galicia, coma noutros moitos lugares, chámase á Vía Láctea *Camiño de Santiago* e crese que, aquelas persoas que en vida non fixeron a peregrinaxe xacobeá, se verán obrigadas a facela despois de mortas. Daquela as almas terán que guiarse polo Camiño de Santiago para poder entrar no Paraíso, aínda que antes hanse arredar para visita-la tumba do Apóstolo Santiago, onde a tradición popular portuguesa dicía, ata hai uns anos, que había unha pequena porta que se abría e pechaba continuamente porque por ela pasaban as almas de todo o mundo (Leite de Vasconcelos, 1980, 55). Crenza paralela á que tiñan os pitagóricos sobre as portas do Sol, polas que entraban as almas no Ceo.

No século XVII un xesuíta portugués, que se chamaba Pereira, recolleu na súa obra a crenza tradicional sobre a obrigatoriedade da peregrinaxe xacobeá e a relación coa Vía Láctea:

Namque ferunt vivi qui non haec templa patentes
Invisunt, post fata illucc, et funeris umbras
Venturos, munusque istud praestare beatis
Lacte viam, stellisque albam, quae nocte serena
Fulgurat et longo designat tramite coelum

(Pereira, 1640, VII, 117. En: Vázquez de Parga, L., et al., 1949, I, 532).

*(En efecto dicen que los que no han visto estos templos
ostensiblemente en vida, después de la muerte
han de ir allí como sombras, y este don lo ofrece a los buenos
la Vía Láctea, blanca en las estrellas, que en la noche serena
resplandece y marca el cielo en un largo camino).²*

Mais tamén se conservan algúns romances que manifestan estas mesmas crenzas e que describen a angustia que sofre a alma peregrina camiño de Santiago porque a noite é escura e non se ven as estrelas:

En camino de Santiago
iba un alma peregrina
una noite tan oscura
que ni una estrella lucía...

(Echevarría Bravo, P., 1971. Vázquez de Parga et al., 1949, 530).

No val de Arán críase que as almas dos mortos facían unha viaxe ata Santiago de Compostela en tan só vintecatros horas, e que despois volvían para os corpos, facendo que tremesen (Violant i Simorra, R., 1989, 496).

No folclore galaico-portugués quedan diversas pegadas de crenzas motivadas polos cultos astrais. Ata hai moi poucos anos, no norte de Portugal, cando se vía unha estrela fugaz adoitaba repetirse mesmo tres veces a seguinte xaculatoria:

*Deus te guie bem guiada,
que no céu foste criada.*

Críase que as estrelas fugaces eran almas que andaban perdidas buscando a entrada do Paraíso (Leite de Vasconcelos, 1980, 285), ou que saían do Purgatorio e entraban no Ceo (Leite de Vasconcelos, 1980, 285). Por iso, ó ver unha estrela fugaz se pronunciaba tamén o seguinte desexo:

² O meu agradecemento á profesora Manuela Domínguez García da Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago pola tradución destes versos.

“Assim corra a minha alminha cara o céu” (Leite de Vasconcelos, 1986, 67). Hai a penas dez anos, os anciáns de Arrubial (Bastabales, preto de Santiago de Compostela), contaban que as almas, antes de iren ó Ceo, *andaban a rolar polo mundo e que as estrelas eran espíritus*³. Na veciña Asturias dicíase que as estrelas que fuxían polo ceo nas noites claras eran almas de persoas que acababan de morrer (Castañón, L., 1976, 135). En Andalucía dicíase que eran almas en pena (Sánchez Pérez, J. A., 1948, 125). Hoxe en día en Galicia aínda se cre que cando se deixa de ver unha estrela no firmamento é porque se converteu nunha alma que entra no Paraíso (Fraguas Fraguas, A., 1975, 263). O que, sen ningunha dúbida, nos leva á concepción pitagórica da ascese da alma para alcanza-la unión co Cosmos (Senén, F., 1981, 98). Este tipo de crenzas astrais relacionadas coas estrelas e coas almas tamén se atopa noutros países europeos, sobre todo en Gran Bretaña, Francia e Alemaña (Frazer, J. G., 1966, 66). Por exemplo en Inglaterra aínda se cría, a comezos deste século, que as estrelas fugaces anunciaban o nacemento dun neno (Waring, P. A., 1978, 218). Todo isto enlaza coa antiga crenza pitagórica que recolleu Macrobio no *Comentario al sueño de Escipión* cando di que as almas proceden da Vía Láctea: *Estas almas han partido de este lugar, y es a este lugar a donde vuelven...* (Santos Santos, 1978, 2, 729); crenza que tamén chegou ás Illas Británicas co Imperio Romano. Mesmo nalgunhas aldeas de Lancashire aínda se conservaba, a finais do XIX, a crenza popular de que a Vía Láctea era o carreiro que debían segui-las almas para entraren no Paraíso (Hardwick, C., 1980, 182).

A Igrexa tentou, en varias ocasións, que o pobo do noroeste da Península Ibérica esquecese as antigas crenzas astrais. No ano 400 celebrouse o Primeiro Concilio de Toledo, e posteriormente no ano 561 o Primeiro de Braga; en ámbolos dous condenouse expresamente o que se consideraba impropio da mentalidade cristiá; como, por exemplo, o crer que a alma vivía nas *moradas celestiales* antes da unión co corpo, ou que *las almas y los cuerpos humanos están ligados a los hados celestes, como afirmaron los paganos y Prisciliano* (Vives, J., 1963, 68). Pero nin estas condenas nin outras que se promulgaron en diferentes Sínodos conseguiron borrar totalmente da mentalidade popular o grande arraigamento que tiñan estas crenzas astrais (v. *Synodicon Hispanum*).

Desde a época das peregrinacións sempre se coñeceu a Vía Láctea co nome de Camiño de Santiago. Sen embargo, na Galicia sur, concretamente na Terra de Cotobade, chámase *Camiño do Santo André* porque desde antigo considérase que remata enriba da capela de San Andrés de Teixido, na costa norte de Galicia, e que a función deste camiño é a de alumea-lo terreo para que as almas dos defuntos poidan visita-lo Santo (Fraguas Fraguas, A., 1975, 264). Por todo isto faise evidente a función psicopompa que tiña a Vía Láctea na mentalidade popular como guía dos camiños que conducían para os santuarios galegos máis coñecidos. Neles estaba o punto final

³ O meu agradecemento ó veciño de Arrubial, Arufe Monteagudo, por esta información.

das peregrinacións que había que realizar para poder entrar no Paraíso. De aí a conveniencia de efectuar a peregrinaxe en vida, para evitar que a alma se perdese na negra da noite en desesperados intentos por atopalo camiño cando non se vía a Vía Láctea. Lembrémo-lo vello romance:

A gritar vai uma alma
A gritar que se perdía
A caminho de Santiago
A cumprir a romaría.

(Da Rocha, M.I.F., 1987, 65).

Alén de San Andrés de Teixido só había mar, un mar inmenso e descoñecido tralo que se acochaba o sol, e a Vía Láctea perdíase no horizonte da noite. Ata o seu santuario podíase ir andando, para cumprir a romaría e para coñecer desta maneira e en vida o camiño que a alma tería que seguir tralo ronsel da Vía Láctea que a había de conducir ó Paraíso.

Fisterra era outro dos lugares onde a mentalidade dos nosos devanceiros situaba a fin do camiño que conducía ó máis alá: *Finisterra: esto es lo último de lo poblado del mundo; en donde se acaba la tierra y no se navega la mar* (Sagrario de la Molina, B., 1550). Tralo horizonte dese océano tan temido na Antigüidade, supoñíase que estaba o Paraíso para o que ía o sol tódolos días. Concibíase coma unha illa ventureira á que os celtas lle chamaban Terra da Xuventude: *Tierra de encantos maravillosos, de bellos y sorprendentes paisajes (La Isla del Paraíso*, anónimo irlandés do século VII, Hurlstone Jackson, K., 1975, 174). Homero dicía que esa illa estaba en occidente, *donde el sol hace su vuelta (Odisea*, 15, 403). Alí debían supor que se atopaba a mansión nocturna dese astro que divinizaran. *¿Qué son las Islas de los Bienaventurados? El sol y la luna*, respondían os pitagóricos (*Jámblico*, século IV d. C., Conrado Eggersland (Trad.), 1978, 224). A Vía Láctea tamén lles marcaba a dirección que seguía o sol, e desta maneira compréndese que os nosos devanceiros sentiran curiosidade por achegarse, todo o posible, ós límites occidentais da Terra, alí onde estaban as fisterras atlánticas. A Pointe du Raz en Bretaña, o Cabo San Vicente—no que se situaba o Promontorio Sacro—e San Andrés de Teixido eran tamén outros dos lugares moi vinculados na Antigüidade coa viaxe das almas para o Outro Mundo (Alonso Romero, F., 1986, 1991).

Fisterra xogou un papel moi importante na historia da navegación xa desde o Neolítico, por se-lo único porto seguro onde podían recala-las naves que non conseguían remonta-lo Cabo cando as sorprendía un temporal. Diferentes testemuños históricos e arqueolóxicos indican que en Duio, localidade próxima á vila de Fisterra, se atopa o famoso Porto dos Ártabros (Monteagudo, L., 1953. Esmorís Recamán, 1944). Por outra banda, a tradición lendaria tamén nos fala de que nesé sitio existiu unha gran cidade que foi arrasada por un cataclismo (Alonso Romero, F., 1993, 31). Duio

aparece estreitamente vinculado a Santiago Apóstolo. Segundo o Códice Calixtino, cando os discípulos de Santiago chegaron co corpo a Iria Flavia (Padrón) pedíronlle á raíña Lupa que lles concedese un lugar adecuado para soterralo. A raíña, despois de meditar moito a resposta, díxolles: *Id. Buscad al rey que vive en Dugio, y pedidle un lugar para disponer la sepultura a vuestro muerto*. Despois esta historia cóntanos unha serie de sucesos milagreiros que empurraron a raíña Lupa a outorgarlle-la petición ós discípulos e soterraron o Mestre na cidade de Compostela. Logo nacería a peregrinaxe xacobeá e, ó significado que xa tiña Fisterra no século IX, engadiuse a relación coa chegada do Apóstolo. A tradición conta incluso que Santiago Apóstolo estivo a predicarlles ós ártabros que vivían en Fisterra co fin de cristianizalos. Un abade de Santa María de Meira (Lugo), chamado Walfrido, recolleu esta tradición a mediados do século XI, e di que a Virxe se lle apareceu a Santiago sobre un barco de pedra: *In mari Callaico Arotebrarum apparuit B.V. María Beato Jacobo in Cymba lapidea* (Roa, L., 1864, 42).

Durante a Idade Media toda a costa de Fisterra sufriu os ataques de diversos pobos que viñan por mar: xermanos, normandos e piratas musulmáns obrigaron a poboación de Dugium a refuxiarse no interior. Todo isto motivou que as peregrinacións cobraran maior importancia entre os séculos XIV e XVII. No XVII empezou a decaer por mor de que as costas galegas eran frecuentemente asaltadas por corsarios e piratas musulmáns (Hammerich, L. L., 1938, 110). Con todo, xa no século XIII a peregrinaxe ata Fisterra se transformara nunha peregrinaxe penitencial. Parece ser que foi o tribunal da Inquisición de Toulouse o que introduciu o castigo da peregrinación como medio expiatorio dalgúns graves delitos. Esta decisión estendeuse ó resto de Francia e dos Países Baixos, *en donde alcanzó tal boga que Ende Rigaud, arzobispo que fue de Rouan desde 1248 a 1279, decía que uno de los mejores medios para castigar las insubordinaciones de los clérigos era mandarlos en peregrinación* (Fernández Oxea, J. R., 1954, 390). Mais esta peregrinaxe debíana facer descalzos, sen armas e vestidos con traxes toscos. Estaban obrigados a xaxuar e alimentarse só con legumes, pan e auga, agás os domingos e días de festa. Non podían parar máis de un día no mesmo sitio nin comerciar durante a peregrinación (Fernández Oxea, op. cit., 390). Os tribunais flamengos escolleran en España tres lugares diferentes como punto final desas peregrinaxes penitenciais: Santiago de Compostela, Santa Marta de Ortigueira e San Guillerme de Fisterra (Fernández Oxea, op. cit., 392. Maes, L. T., 1948, 16). A ermida de San Guillerme estaba no bico dun monte, a medio camiño entre a vila de Fisterra e o extremo deste famoso cabo. Á súa beira quedan restos dun aliñamento megalítico que foi parcialmente destruído recentemente coa construción dunha pista forestal. Tamén estaba relacionada con antigas prácticas tradicionais de fertilidade, xa testemuñadas no Padre Sarmiento no 1745, que se efectuaban sobre un sarcófago antropeoide. Sarmiento di *que había una como pila o cama de piedra, en la cual se echaban a dormir marido y mujer, que por estériles, recurrían al santo y a aquella ermita; y allí delante del santo engendraban* (Sarmiento, 1975, 79). Esta era unha vella práctica que tamén se facía noutros lugares non só de Galicia senón da Bretaña

e de Irlanda (Alonso Romero, F., 1993, 26); a súa orixe remóntase ata antigos cultos que se centraban en torno ós enterramentos (Ross, A., 1968, 39), pois a fertilidade e a vida no outro mundo eran as preocupacións fundamentais das crenzas dos nosos devanceiros. Polo tanto, non sorprende que fose a Fisterra, como lugar máis próximo ó máis alá, a onde se acudise coa esperanza de que os deuses da vida e da morte concedesen a fertilidade desexada. Son moi poucas as dúbidas que quedan sobre a posibilidade de que en Fisterra existira un antigo culto dedicado a unha deusa da fertilidade. A existencia da ara votiva coa inscrición *Matri Deum sacrum*, é dicir, a Cibeles, é un testemuño moi claro desta suposición. Pero é que, ademais, no 1583 un peregrino navarro chamado Julián Iñíguez de Medrano recolleu en Fisterra unha curiosa lenda sobre unha vella bruxa que vivía no monte de San Guillerme. Contáronlle que era quen de facerse invisible, que perseguía os homes e comía os nenos. Farta de vivir, construíu un sartego megalítico e meteuse dentro núa cun pobre pastor que raptara, e *serviéndose de colchón del desventurado pastor, se acostó encima de él, y con un ingenio o gancho de pago que ella tenía, hizo caer sobre la tumba la lápida grande y pesada, y dentro de tres días (como el pastor sepultado dijo) dio el ánima a quien mandada la tenía. El desventurado pastor daba tan grandes voces y gritos, que los pastores que en desierto estaban, corrieron adonde oyeron las voces, y entrando por el agujero de las peñas, queriéndolo sacar del peligro en que estaba, quedaron muy atajados y espantados porque vieron que el sepulcro estaba todó rodeado y cubierto de culebras y serpientes; y así, volviendo atrás, hablaron un grandísimo rato con el encantado pastor; y después de haber entendido él la triste historia, le dejaron así encerrado en el sepulcro, donde acabó sus días malogrados el pobre desdichado* (Pensado, J. L., 1985, 219). Pensado opina que esta lenda foi creada co fin de acabar cun rito de fecundidade pagá e cre que o sartego é o mesmo có da ermida de San Guillerme (Pensado, 1985, 220). Sen embargo, a figura da vella bruxa e mailos seus atributos teñen paralelos coa deusa Mari vasca. Ese descomedido apetito sexual é un aspecto característico das divindades femininas dos celtas irlandeses, así como o poder para facerse invisible, transformarse en meiga ou en calquera outro ser (Ross, A., 1986, 204). O que nos fai pensar nun substrato indoeuropeo moi antigo, que mesmo puido ser substituído despois polo culto á deusa Cibeles. Todo isto, independentemente das connotacións negativas que a Igrexa lle deu a esta lenda co fin de desvirtualo rito pagán de fecundidade, como sinala Pensado. As noticias máis antigas sobre San Guillerme proceden do diario dun peregrino húngaro chamado Xurxo Grisaphan que no ano 1355 o describe como *lugar muy solitario situado entre altas montañas*, onde levou vida de eremita vivindo só de pan e auga durante cinco meses (Hammerich, L. L., 1938, 107). Despois foi para Irlanda visita-lo Purgatorio de San Patricio, outro dos lugares preferidos como meta dos peregrinos medievais que lle garantían a vida eterna a todo aquel que o realizase. A gran difusión destas peregrinaxes tivo lugar despois do século XII, ó mesmo tempo que se estendía por toda Europa a concepción

cristiá do Purgatorio como lugar de tránsito polo que tiña que pasa-la alma para concluí-la purificación. Despois, co pulo das peregrinacións penitenciais, a peregrinaxe ata Compostela ademais de perpetua-la tradición devota que a relacionaba con Santiago Apóstolo, supuxo a revisión das crenzas tradicionais sobre o máis alá e sobre a ascese da alma cara ó Paraíso, que resultaron moi cristianizadas coa nova concepción do Purgatorio e dos camiños de mortificación que conducían a el. Un dos costumes funerarios máis frecuentes no norte de Portugal, ata hai uns anos, era o de depositar cartos no ataúde para que o morto puidese pagarlle a un diaño que gardaba a mítica ponte de Santiago, moi estreita e esvaradía, pola que se dicía tiñan que pasa-las almas para entraren no Paraíso. Xeralmente procurábase que a moeda non tivese cuñada ningunha cruz para evitar que a rexeitase o suposto diaño gardián. Só conseguían atravesala as almas boas e continua-la peregrinaxe para o Paraíso seguindo a Vía Láctea. Polo contrario, as almas pecadoras caían e perdíanse polo mundo, deambulaban toda a vida (Leite de Vasconcelos, J., 1899, 44. Braga, T., 1985, I, 165). Vemos así que o paraíso astral da Vía Láctea que aparecía nas crenzas pitagóricas se transformou en Camiño de Santiago, e as pontes que comunicaban a terra co Paraíso celeste -e que tamén aparecían nas vellas mitoloxías da India e de Irán (Le Goff, 1985, 31)- adquiriron, coa concepción cristiá do Purgatorio, a facultade de xulga-lo valor moral das almas que tiñan que atravesalas para entraren no Ceo. Era un tópico frecuente que ten os primeiros testemuños nos Diálogos do papa Gregorio Magno nos últimos anos do século VI (Díaz y Díaz, M. C., 1985, 13).

Consérvanse algúns relatos dos peregrinos que visitaron a ermida de San Guillerme entre o 1355 e o século XVIII. Neles tamén se recollen as impresións dos camiñantes sobre o camiño, lendas e descrições da igrexa de Santa María de Fisterra e de San Guillerme (Esmorís Recamán, F., 1958). A peregrinaxe desde Santiago de Compostela adoitaba facerse en dúas ou tres xornadas, seguindo un vello camiño medieval construído posiblemente sobre antigas calzadas, que xa utilizaban os habitantes dos castros, aínda hoxe sinalan o camiño, e que no século XVII se denominaría Camiño Real. Despois de estudia-los itinerarios dos peregrinos sabemos que o camiño saía de Santiago en dirección a Negreira, e que atravesaba o río Tambre, polo menos ó comezo, pola desaparecida ponte de Ons, que foi derrubada, segundo a lenda xacobeá, *por determinación de Dios omnipotente* para evitar que os soldados do *Rex* de Dugium prendesen os discípulos do Apóstolo que foran visitalo por encargo da raíña Lupa, como viamos máis arriba. Pero a partir do século XIII os peregrinos atravesaban o río por Ponte Maceira. Despois seguían a Zas, Portocamiño, Maroñas, ~~San~~ Xesús, Ponte Olveira e Hospital. Desde esta pequena aldea na que había un hospital para peregrinos, o camiño pasa por uns altos páramos ata Cee, vila na que tamén había un hospital, ó igual cós de Corcubión e Fisterra. Logo o camiño seguía, con lixeiras desviacións, o mesmo itinerario por onde pasa actualmente a estrada ata Fisterra (Alonso Romero, F., 1993).

BIBLIOGRAFÍA

- ALONSO ROMERO, F., «O ritual mariñeiro de cambia-la Tella». Coloquio «Santos Graça» de *Etnografía marítima*, vol. VI, pp. 169-180. Póvoa de Varzim. 1986.
- ALONSO ROMERO, F., *Santos e barcos de pedra*. Xerais, Vigo, 1991.
- ALONSO ROMERO, F., *O Camiño de Fisterra*. Xerais, Vigo, 1993.
- BLANCO FREIJEIRO, A., «El buey Apis en Iria Flavia (Padrón. A Coruña)». *Gallaecia*, vol 7, pp. 261-168. Universidade de Santiago de Compostela, 1984.
- CASTAÑÓN, L., *Supersticiones y creencias de Asturias*. Xixón, 1976.
- CONRADO EGGERSLAN E JULIA, V. E. (Traductores), «De Vita Pythagorica» liber XVIII, pp. 81-82. 1978. En *Los filósofos presocráticos*. Gredos. Madrid, 1978.
- CUMONT, F., *Afterlife in Roman Panism*. Dover Publications, Nova York, 1959.
- CUMONT, F., *Las religiones orientales y el paganismo romano*. Trad. de Bermejo Barrera, J. B. Akal. Madrid, 1987.
- DA ROCHA, M.I.F., «Nossa Senhora do Norte nos caminhos de Santiago». Centro de Estudos Regionais. *Boletim Cultural*. Viana do Castelo, 1987.
- DÍAZ Y DÍAZ, M. C., *Visiones del Más Allá en Galicia durante la Alta Edad Media*. Bibliófilos Gallegos. Santiago de Compostela, 1985.
- EHEVARRÍA BRAVO, P., *Cancionero de las peregrinaciones de Santiago*. Madrid, 1971.
- ESMORÍS RECAMÁN, F., «Recuerdos históricos de la Villa de Finisterre». *El Ideal Gallego*, p. 23, 8-IX-1923.
- ESMORÍS RECAMÁN, F., «En torno a la misteriosa ciudad de Duyo». *Revista de Finisterre*, ano II, nº 14, pp. 13-14. Pontevedra, 1944.
- ESMORÍS RECAMÁN, F., «San Guillermo y su ermita». *Boletín da Real Academia Galega*, pp. 5-35. 1958.
- ESTEBAN DELGADO, M., *El país vasco atlántico en época romana*. Universidade de Deusto. Donostia, 1990.
- FARIÑA BUSTO E GARCÍA ALÉN, «La estela funeraria romana de Sabarigo». (Santa María de Cela. Pontevedra). *Gallaecia*, vol. 3, pp. 317-326. Universidade de Santiago de Compostela, 1979.
- FERNÁNDEZ OXEA, J.R., «Peregrinos flamencos a los finisterres gallegos en la Edad Media». *Boletín da Real Academia Galega*, XXIV, pp. 390-395. 1945.
- FRAGUAS FRAGUAS, A., «Preocupación polo tempo e os astros na creencia popular». *Boletín Auriense*, vol. V, pp. 257-269. 1975.
- FRAZER, J.G., «The Dying God». En *The Golden Bough*. MacMillan. Londres, 1966.
- HAMMERICH, L.L., «Studies to Visiones Georgi» *Classica et Medievalia*, vol. I, pp. 95-118. 1938.
- Hardwick, C., *Traditions, Superstitions and Folklore*. Nova York, 1980.
- HURLSTONE JACKSON, K., *A Celtic Miscellany*. Penguin. Londres, 1975.
- LE GOFF, J., *El nacimiento del Purgatorio*. Taurus. Madrid, 1985.

- LEITE DE VASCONCELOS, J., «Tradições populares». *Revista de Guimarães*, col. XVI, pp. 44-47. 1899.
- LEITE DE VASCONCELOS, J., *Etnografía Portuguesa*, vol VII. Imprensa nacional, Lisboa. 1980.
- LÓPEZ FERREIRO, *Historia de la Santa A.M. Igrexa de Santiago de Compostela*, 1899.
- MAES, L. T., «Les pèlerinages expiatoires et judiciaires des Pays-Bas méridionaux à Saïn Jacques de Compostelle», *Boletín da Universidade de Santiago de Compostela*, nº 51-52, pp. 15-22. 1948.
- MAES, L. T., «Middeleeuwse Strafbedevaarders en Twintigeeuwse Reizigers naar Santiago de Compostela» en *O.L. Vrouw van Finisterra* (Drukkerij Sanderus, Oudenaarde. 1951.
- MONTEAGUDO, L., «Cassiterides», *Emerita*, vol. XVIII, pp. 1-17. 1950.
- MONTEAGUDO, L., «Carta de Coruña Romana», *Emerita*, vol. XX, pp. 467-488. 1952.
- NOVO GÜISÁN, J. M., *Los pueblos Vasco-Cantábricos y Galaicos en la Antigüedad tardía. Siglos III-IX*. Universidade de Alcalá de Henares. 1992.
- ORTEGA, A., (Traductor), *Obras completas de Aurelio Prudencio*, Biblioteca de Autores Cristianos. Madrid. 1981.
- PENSADO, J. L., «El gallego, Galicia y los gallegos a través de los tiempos», *La Voz de Galicia*. A Coruña. 1985.
- PEREIRA MENAUT, *Corpus de Inscripciones Romanas de Galicia. Provincia da Coruña*. Consello da Cultura Galega. Santiago. 1991.
- RISCO, V., «Etnografía: cultura espiritual». En *Historia de Galicia*. Ed. de R. Otero Pedrayo. Akal. Madrid. 1979.
- ROA, L., *Opúsculo Histórico del Santuario de Nuestra Señora de la Barca*. Santiago. 1864.
- ROSS, A., *Pagan Celtic Britain*. (Routledge and Kegan Paul). Londres. 1968.
- SAGRARIO DE MOLINA, B., «Descripción del Reyno de Galicia. Bibliófilos gallegos. Edición facsímile, 1949 Fo. XXIII. 1550.
- SÁNCHEZ PÉREZ, J. A., *Supersticiones españolas*. Madrid. 1948.
- SANTOS SANTOS, D., *Investigaciones sobre Astrología*. Editora Nacional. Madrid. 1978.
- SARMIENTO, M., *Viaje a Galicia (1745)*. Ed. de José Luis Pensado. Universidade de Salamanca. 1975.
- SENÉN, F., «A rosácea: Arqueoloxía e simboloxía dunha figura xeométrica». *Brigantium*, vol. 2, pp. 83-104. Museo Arqueolóxico. A Coruña. 1981.
- SOPEÑA, G., *Dioses, Ética y Ritos*. Universidade de Zaragoza. 1987.
- SYNODICON HISPANICUM. Biblioteca de Autores Cristianos. Madrid. 1981.
- VÁZQUEZ DE PARGA, ET AL., *Las peregrinaciones a Santiago de Compostela*. Madrid. 1949.
- VIEIRA BRAGA, A., «Influencia de S. Tiago da Galiza em Portugal. En: *Homenagem a Martins Sarmiento*. Guimarães. pp. 411-435. 1933.
- VIOLANTI I SIMORRA, R., *El Pirineo Español*. Edit. Aula Fulla. Barcelona. 1989.
- VIVES, J., *Concilios visigóticos e hispano-romanos*. C.S.I.C.. Madrid. 1963.
- WARING, P. A., *A Dictionary of Omens and Superstitions*. Souvenir Press. Londres. 1978.




Fig. 1.- Na parte superior da estela romana de Sarabigo (Santa María de Cela, Pontevedra) aparece un crecente lunar cos extremos para arriba. Debaixo hai un arco con doelas delimitando a escena inferior na que se ve unha figura humana espida, cunha grande cabeza que mira de fronte e cos brazos en xerra. No terceiro rexistro da estela atópase a seguinte inscrición funeraria: *Consagrado ós Deuses Manes, en lembranza de Pusinna, de cincuenta anos*. A figura humana debe ser interpretada como retrato idealizado do defunto e na valoración simbólica da lúa ten un entroncamento prerromano moi amplo que Cumont, dentro do simbolismo das tombas romanas identifica como lugar de descanso dos mortos. Esta estela data da segunda metade do século III d. de C. (Fariña Busto e García Alén, pp. 318-321. 1979).




Fig. 2.- Nesta estela de Mazarelas -Ozados Ríos (A Coruña) vese unha aspa que delimita catro espazos e en cada un deles hai tres símbolos; *alternando nun e noutro rexistro a rosácea co círculo concéntrico, enséña do devalar sol-lúa, o decorrer do tempo do verán e os invernos, a vida, que nos levará ao rexistro superior, onde se figura ao difunto cas formas máis perfectas de xeometría, o cuadrado e a circunferencia, abstracción pitagórica que nos remite a askesis, o camiño cara o Paradiso Astral* (Senén, F., p. 101. 1981).




Fig. 3.- Estela galaico-romana atopada en Vigo. Consérvase no museo municipal «Quiñones de León». Na parte superior aparece representado o paraíso astral composto polo sol, en forma de rosácea, e a lúa sobre dúas pequenas estrelas, posiblemente Eóforo -a Estrela Matutina –e Héspero– a Estrela Vespertina. A lúa era o primeiro destino das almas. Segundo as doutrinas maniqueas, o crecente lunar aumentaba gracias ás almas luminosas que desde a terra ascendían ata a lúa. Dese modo, a lúa alcanzaba a fase minguante cando mandaba ó sol as almas que habitaban nela (Cumont, p. 93. 1959). O sol e a lúa eran, segundo os pitagóricos, as illas dos Benaventurados. Na parte central da estela pódese ve-la ponte, que era a vía de comunicación entre a terra e o ceo.



Fig. 4.- O sol desaparecendo tralo cabo Fisterra, *lo último de lo poblado del mundo; donde se acaba la tierra y no se navega la mar* (Sagrario de Molina, 1550). Punto final da peregrinaxe xacobeá. Alén mar estaba o paraíso astral, a illa dos Benaventurados, o Ceo...